

ANDREA MACEIRAS

ANDREA MACEIRAS
Biblioteca
CPI de San Sadurniño

Andrea Maceiras



Biografía

- Naceu na Coruña en 1987.
- É licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica.
- Gañadora do I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior.
- Finalista do VI Premio de Novela Biblos-Pazos de Galicia no 2010.
- Gañadora do Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil en 2010, por *Violeta Tamurana*.
- Terceiro premio do XIV Premio de poesía Díaz Jácome, por *Auga lonxincua* en 2013.
- Gañadora do Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil en 2014, por *Miña querida Sherezade*.


Obras: Literatura infantil e xuvenil

- *Proxecto Bolboreta*, 2007, Xerais.
- *Violeta Tamurana*, 2010, Baía Edicións.
- *O segredo do lagarto arnal*, 2012, Baía.
- *Nubes de evolución*, 2013, Xerais.
- *Miña querida Sherezade*, 2014, Baía.
- *Volverás, golfiño*, 2014, Xerais.

Proxecto Bolboreta

- Existe o efecto bolboreta? Esta é a pregunta que tenta responder o matemático Hadrián Barcés nesta primeira novela de Andrea Maceiras.
- No blogue [Biblioafonso](#) poderás atopar unha lembranza da presentación desta obra pola súa autora no IES Afonso X de Cambre.
- E en [As estelas dos ronseis](#) a opinión dun lector.

Proxecto Bolboreta



Violeta Tamurana

- As tamuras son unhas fermosas flores que só medran no corazón volcánico da illa de Tamurana, a máis especial das que forman o Arquipélago Perdido.
- Así comeza o I capítulo: “A tamurana ten o violeta máis intenso de todos os que viron meus ollos. A dicir verdade, é unha flor tan fermosa que doe ata mirala.”
- Atoparás unha reseña de interese sobre esta novela no blogue [Víchelo, miráchelo!](#)


Violeta tamurana



O segredo do lagarto arnal

- En 2012 a novelista publica esta novela na que o seu protagonista, David, sente como as sombras dos lagartos o perseguen por todas partes...
- De feito, así nolo narra no 1º capítulo: “Eu nunca crin nos fenómenos sobrenaturais, como os extraterrestres, os espíritos e todas esas trapalladas, mais pode que hoxe cambie de opinión... O que está claro é que se alguén volve dicir a palabra lagarto berro seguro.”
- No blogue [Biblioteca Wirtz](#) atoparás unha entrada sobre a visita da autora para falarlles desta súa novela.
- E se queres saber coma son os lagartos arnais, só tes que premer [aquí](#).


O segredo do lagarto arnal



Nubes de evolución

- Tres vidas marcadas pola soidade son as protagonistas desta novela.
- Tres vidas que conflúen nunha estación de autobuses.
- Unha pintada cun verso dunha canción dos **Rolling Stone**:
“**Angie, Angie when will those clouds disappear?**”...
- Pero, pode quizais unha canción cambiar as nosas vidas?
- E, xa sabes, se queres pescudar sobre as nubes de evolución, o noso blogue **Meteosansa** ofrécevos moitas posibilidades.


Nubes de evolución



Miña querida Sherezade

- Ser un libro é marabilloso, non resulta tan fácil cando chegas á vellez...
- Quizais se les o inicio da novela entenderalo mellor... Así comeza: “Dentro de min vive un ser doutro mundo. Chámase Sherezade e é moi fermosa. Os seus ollos son escuros e profundos como o chocolate quente e, ao camiñar, fai música coas pulseiras dos seus nocellos. Ela é a miña alma. Cando paso as miñas páxinas moi rápido provoco unha brisa lixeira que sacode a súa longa melena negra como unha bandada de merlos asustados.”
- Por certo, se queres saber máis sobre quen era esta Sherezade preme [aquí](#).

Miña querida Sherezade



Volverás, golfiño

- *Volverás, golfiño* é unha novela, que mestura a realidade e a fantasía, ambientada nunha fermosa terra: A Costa da Morte.
- Lendo a novela sentirémonos intrigados polo seu argumento, pero tamén polos **naufraxios** que os habitantes desta terra presenciaron: o do Serpent, o do Prestige...
- Lendo a novela, quereremos coñecer máis sobre o **Cabo Vilán**, o **Cemiterio dos Ingleses**, sobre o **Museo do Alemán**...

Volverás, golfiño

- Así comeza esta engaiolante novela con ilustracións de Víctor Rivas:

“A morte estaba alí, agardando desde había moitos anos. Chegara cos naufraxios na época en que os homes rezaban antes de saír ao mar, e, moito tempo despois, cos vertidos dos barcos petroleiros. Porén, para min a morte estaba escondida nun baúl, co meu nome escrito en letras maiúsculas, acompañado dun apelido estranxeiro e descoñecido...”

Volverás, golfiño

- Para saber máis sobre Camariñas e a Costa da Morte:

Camariñas, Costa da Morte:

<https://www.youtube.com/watch?v=JqcuZv20jqU>

Ruta polo litoral de Camariñas:

<https://www.youtube.com/watch?v=RamhdJjwKzM>

A Costa da Morte:

<https://www.youtube.com/watch?v=eulZwzexDII>

Historiador de naufraxios:

<https://www.youtube.com/watch?v=Zhxufk13fGo>

Volverás, golfiño


Luar na Lubre e Luz Casal cantan “Camariñas”:

<https://www.youtube.com/watch?v=plcQRcWMJbo>

“Nosa Señora da Barca” poema de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro:

http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=CaGa+++1&alias=Rosal%EDa+de+Castro&

Volverás, golfiño





FIN